

PLAN DE IGUALDADE 2020



APROBADO NO CONSELLO ESCOLAR CELEBRADO O 29 DE XUÑO DE 2021

ÍNDICE	- 2 -
1. INTRODUCCIÓN. PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS	- 1 -
1.1. PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS.....	- 1 -
2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA	- 2 -
2.1. NORMATIVA.....	- 2 -
2.2. NO CENTRO	- 4 -
3. SENSIBILIZACIÓN	- 5 -
3.1. EQUIPO DE IGUALDADE	- 5 -
3.2. SENSIBILIZACIÓN E PROMOCIÓN DA IGUALDADE E DIVERSIDADE.....	- 7 -
4. ANÁLISE DA SITUACIÓN NO IES CAMPO DE SAN ALBERTO	- 8 -
4.1. ANÁLISE DAFO: DEBILIDADES, AMEAZAS, FORTALEZAS, OPORTUNIDADES	- 8 -
4.2. FENDAS DE XÉNERO.....	- 9 -
4.2.1. Representación en órganos de decisión.....	- 9 -
4.2.2. Persoal non docente	- 9 -
4.2.3. Itinerarios académicos.....	- 10 -
4.2.4. Uso de espazos escolares	- 12 -
4.2.5. Participación en actividades complementarias.....	- 12 -
4.2.6. Necesidades de apoio educativo	- 13 -
4.2.7. Condutas contrarias á convivencia	- 13 -
4.3. RESULTADOS CUESTIONARIOS Á COMUNIDADE EDUCATIVA.....	- 13 -
4.3.1. Participación na enquisa sobre igualdade	- 13 -
4.3.2. Contexto, coñecemento e sensibilización en torno á igualdade e diversidade afectivo-sexual	- 14 -
4.3.3. Igualdade de Xénero.....	- 18 -
4.3.4. Violencia de Xénero	- 19 -
4.3.5. LGTB Fobia	- 21 -
4.4. QUÉ LEVAMOS FEITO ATA O MOMENTO.	- 23 -
5. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS A ACADAR	- 25 -
6. MEDIDAS DE ACTUACIÓN	- 26 -
6.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO	- 26 -
6.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E SABERES	- 27 -
6.3. XESTIÓN DE ESPAZOS, RECURSOS E OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.....	- 28 -
6.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR	- 29 -
6.5. PLANIFICACIÓN, SECUENCIACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PLAN.....	- 30 -
7. SEGUEMENTO E AVALIACIÓN	- 32 -
8. ANEXO IMAXES INICIATIVAS	- 34 -

1. INTRODUCCIÓN. PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS

A escola secundaria cumpre unha función social moi importante na formación integral das persoas, nun momento especialmente sensible no desenvolvemento xuvenil. Neste senso, educar no respecto á diversidade afectivo-sexual forma parte inherente da formación integral, ligada a valores clave como son a igualdade, a pluralidade, a diferenza e o respecto. A diversidade é unha realidade tanxible que se vive na escola e é, polo tanto, un valor positivo que se debe aprender dende as etapas iniciais do sistema educativo, así pois, a escola ha de ser verdadeiramente inclusiva, debe constituír un pilar fundamental na erradicación da transfobia e, polo tanto, un espazo onde se ten que respectar a identidade de cada persoa e onde o feito trans non cause rexeitamento.

Co obxectivo de lograr a igualdade nas escolas, a coeducación preséntase coma unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade. É necesario e imprescindible elaborar un plan específico de Igualdade no ámbito educativo que sirva de referente ao centro educativo, co fin de abordar a temática da coeducación e a prevención da violencia de xénero dende unha perspectiva estrutural, integral e transversal, no que se recolla de forma sistemática as medidas que se van desenvolver nas diferentes áreas do ámbito educativo dirixidas a alumnado, profesorado e equipo de orientación.

1.1. PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS

Este Plan de Igualdade fundaméntase no obxectivo estratéxico do VII Plan estratéxico de Galicia para a Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020: *“Impulsar o cambio de valores, actitudes, roles e estereotipos que sustentan a desigualdade de xénero a través dun modelo educativo que promova a equidade entre homes e mulleres en todas as súas dimensións”*, así coma no Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, cos seguintes eixes de actuación:

- Valores democráticos: a coeducación constitúe un modelo educativo que garante os valores sobre os que sustentan as sociedades democráticas (igualdade, liberdade, xustiza), pois garante a defensa dos dereitos humanos.
- Transversalidade: a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa. A perspectiva de xénero está integrada no noso proxecto educativo como estratexia de introdución da transversalidade no currículo.
- Sociedade igualitaria: a construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais, empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.

- Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”: é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa sobre o problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.
- Inclusión e integración da diversidade: a educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade, sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.
- Visibilidade: o plan de igualdade contribúe a transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favorece a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis alá do xénero.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA

2.1. NORMATIVA

A Constitución española de 198 recoñeceu no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo, no artigo 9.2. estableceuse coma obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva. De xeito moi similar, no noso Estatuto de autonomía atribúeselle a mesma obriga aos poderes públicos no ámbito galego.

No marco da Unión Europea, a igualdade entre homes e mulleres constitúe un dos principios de actuación das institucións comunitarias que deben ter presente en todas as súas accións. Isto figura recollido no artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. No eido concreto da educación a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes, considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeñamos dende a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así coma os seus efectos positivos para as mulleres e o conxunto da sociedade.

ÁMBITO ESTATAL

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. A continuación cítanse os artigos máis relevantes:

Artigo 1: establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomentan a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”.

Artigo 23. A educación para a igualdade de mulleres e homes.

Artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación.

ÁMBITO AUTONÓMICO

Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, establece os seguintes artigos relativos ao traballo pola igualdade dende a educación:

Artigo 17. O currículo regulador do sistema educativo.

Artigo 18. Erradicación de prexuízos nos centros docentes.: “Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre outro en calquera ámbito da vida.”.

Artigo 22. Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos.

Artigo 23. Actitudes.

Artigo 24. Formación do persoal docente.

Artigo 25. Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA.

Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade.: “Estableceranse actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade do alumnado LGTBI e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero. Así mesmo, informarase sobre os mecanismos de denuncia dos casos de acoso.”.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato inclúe entre os seus elementos transversais evitar “ os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual”.

O **Decreto 8/2015**, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a **Lei 4/2011**, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro), contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes, para o que resolve establecer, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

2.2. No CENTRO

A normativa e documentación de referencia no noso IES é a seguinte:

- PROXECTO EDUCATIVO
- NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
- PLAN CONVIVENCIA
- PLAN DE ORIENTACIÓN
- PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nos diferentes plans e proxectos do IES se concretan obxectivos coeducativos e en relación coa igualdade e diversidade. Todos os plans pódense consultar na **web do centro** no apartado **O centro/Documentos Oficiais**.

No noso **Proxecto Educativo** manifestamos coma unha **senal de identidade do centro a Igualdade e a Coeducación**: o IES constata que, na sociedade actual, a igualdade efectiva entre os sexos é un fin a acadar; actuando en consecuencia, a meta será a eliminación dos comportamentos e manifestacións de carácter sexista. Favoreceranse as condicións materiais axeitadas para mellorar a convivencia entre os distintos sexos.

Nas programacións, o contido das distintas materias, terá presenza dar luz a unha igualdade real e solidariedade entre sexos.

A coeducación no Centro orientarase a actividades para fomentar a igualdade entre alumnas e alumnos e eliminando os estereotipos sociais implantados.

A educación será *para a igualdade*, sen discriminacións por razón de sexo, superando usos, costumes, mitos e tabús.

A actitude do profesorado, na convivencia escolar diaria, tentará de superar condutas que reproduzan os roles tradicionais a superar e esquecer do home e a muller, e empregar metodoloxías didácticas que proporcionen imaxes diversificadas e non tradicionais dun e doutro sexo.

Como obxectivos coeducativos a acadar sinalamos:

- Promocionar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres
- Previr, detectar e intervir en casos de violencia de xénero
- Promocionar o respecto pola diversidade afectivo-sexual
- Previr, detectar e intervir en casos de LGTB fobia

Concretados nas seguintes medidas de actuación:

- Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
- Xestión dos espazos, recursos e oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
- Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

Dende o curso 2019-2020 ofértase a materia de libre configuración autonómica *Coeducación para o Século XXI* en 1º de Bacharelato e a súa sección bilingüe en inglés co obxectivo de dar resposta a unha necesidade da educación en igualdade.

Durante o mesmo curso creouse o **Equipo de Igualdade do IES**, formado por alumnado de todos os niveis e profesorado diverso, que reúne esforzos e traballa na consecución deste **Plan de Igualdade**, partindo dunha análise da situación real e concreta da nosa comunidade educativa e fomentando actividades favorecedoras da igualdade e convivencia.

3. SENSIBILIZACIÓN

Este Plan está deseñado para implicar a toda a comunidade educativa, coordinando os diferentes equipos de traballo, dinamizacións e departamentos didácticos dende o Equipo de Igualdade.

3.1. EQUIPO DE IGUALDADE

O 4 de decembro do 2019 creouse o **Equipo de Igualdade do IES** nunha reunión na que se tomaron os seguintes acordos nunha acta fundacional:

- **Fundación do Equipo de Igualdade do IES Campo de San Alberto**, formado por profesorado (6) e alumnado (13) voluntario de diferentes etapas educativas. As reunións do equipo sempre serán abertas a novas incorporacións de membros da nosa comunidade educativa.

A finalidade primeira do equipo será elaborar o Plan de Igualdade e dar lugar a unha serie de iniciativas que promovan a igualdade no centro.

Así mesmo establecéronse subgrupos para dar resposta ao Plan de igualdade e ás diferentes iniciativas suxeridas no transcurso da reunión.

- Creación de **3 subgrupos de traballo**:

1.- Desenvolvemento do Plan de Igualdade.

2.- Realización de enquisas e recollida de información da nosa comunidade educativa para a partir dunha análise da nosa situación real e concreta contribuíndo así a un Plan de Igualdade adaptado a nós.

3.- Posta en marcha dun buzón, un taboleiro de Igualdade e primeiras iniciativas:

- Publicitar o buzón no centro para que o alumnado sepa que pode usalo para pedir axuda.

- Taboleiro: cartel de Equipo Igualdade, bandeira LGTBI+, noticias sobre igualdade e diversidade.

- Iniciativas de fomento da igualdade coordinadas co Proxecto Interdisciplinar anual do centro.

- **Propostas de formación en igualdade** para docentes e alumnado.

- Determinación dunha **reunión semanal** nun recreo para a coordinación e traballo do equipo.

COMPOSICIÓN DO EQUIPO DE IGUALDADE IES CAMPO DE SAN ALBERTO
Coordinadora do Equipo de Igualdade
Xefa de Estudos
Orientadora
Profesorado voluntario en número variable
Alumnado voluntario (de diferentes niveis educativos) en número variable

Trátase dun equipo de traballo dinámico, cuxas funcións, obxectivos e membros adáptanse ás circunstancias de cada curso académico evolucionando coa experiencia.

3.2. SENSIBILIZACIÓN E PROMOCIÓN DA IGUALDADE E DIVERSIDADE

Nas reunións semanais do Equipo de Igualdade vanse propoñendo iniciativas para a sensibilización e promoción da igualdade e diversidade no noso centro que pretenden ter unha continuidade e afianzamento na organización e funcionamento do noso IES.

1.- Buzón ConIgualdade: Colocado ao lado da aula de Convivencia do centro para que o alumnado poda sentirse libre de expoñer as súas inquedanzas ou pedir axuda para solucionar conflitos que podan afectar á convivencia ou igualdade.

2.- Taboleiro de Igualdade: situado nun dos corredores principais do centro pretende dar visibilidade ao traballo de sensibilización e promoción da igualdade e diversidade no centro.

3.- Blog de Igualdade: aloxado na Aula Virtual e con ligazón directa dende a web do centro pretende ser un “taboleiro virtual” para toda a nosa comunidade educativa.

4.- Meses de sensibilización no IES Campo de San Alberto: Establecemos períodos de sensibilización e promoción máis duradeiros que as simples datas conmemorativas do 25 de novembro, 8 de marzo ou 28 de xuño.

- Novembro, o mes contra a violencia de xénero.

- Marzo, o mes da muller. Nos Cursos 2019-20 e 2020-21 exposición fotográfica das nosas mulleres deportistas “Olímpica. Xuntas gañamos todas”, en coordinación co proxecto interdisciplinar de centro “Os Valores Olímpicos”.

- Xuño, o mes da diversidade.

5.- Creación por parte do alumnado do logo do Equipo de Igualdade que identifica as diferentes iniciativas de sensibilización e promoción.



6.- Seguindo unha das sinais de identidade do noso centro reflexada no PE, planifícanse iniciativas dentro da nosa **Comunidade de Aprendizaxe Aberta**, onde se busca a colaboración da biblioteca escolar, outros equipos de traballo, os diferentes departamentos didácticos, persoal non docente, alumnado e familias.

4. ANÁLISE DA SITUACIÓN NO IES CAMPO DE SAN ALBERTO


4.1. ANÁLISE DAFO: DEBILIDADES, AMEAZAS, FORTALEZAS, OPORTUNIDADES

DEBILIDADES	AMEAZAS
<p>Falta de formación e sensibilización de toda a comunidade educativa respecto á igualdade.</p> <p>Fendas de xénero na elección de itinerarios formativos no Bacharelato e Ciclos Formativos.</p> <p>Desigualdades de xénero nas NEAE e nas condutas contrarias de convivencia.</p> <p>Espazos de lecer activo usados maioritariamente por mozos: fútbol, pingpong, pista de fútbol.</p>	<p>O sistema patriarcal da sociedade actual.</p> <p>Que se perpetúen as fendas e as desigualdades de xénero xeración tras xeración por imitación.</p> <p>Desigualdade no mercado de traballo: salarios inferiores, teito de cristal.</p> <p>Políticas de conciliación laboral e familiar insuficientes para un desenvolvemento profesional, persoal e social igual entre mulleres e homes.</p> <p>Carencias na formación afectivo-sexual para a igualdade entre mulleres e homes.</p>


FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p>Creación do Equipo de Igualdade composto por gran número de alumnado e profesorado de varios niveis educativos.</p> <p>Alumnado e Profesorado do Equipo de Igualdade sensibilizado e activo nas iniciativas.</p> <p>Participación no Quérote+ (3º ESO, FPB)</p> <p>Os órganos de decisión son paritarios: equipo directivo, claustro, comisión de coordinación pedagóxica, consello escolar...</p>	<p>Actividades organizadas dende o Equipo de Igualdade.</p> <p>Equipo de Igualdade como referente e asesoramento nas necesidades que se presenten na comunidade educativa.</p> <p>Concienciación social sobre a igualdade entre mulleres e homes.</p> <p>Denuncia social das condutas machistas (agresións físicas, verbais, comportamentos estereotipados).</p> <p>Políticas legislativas dirixidas a erradicar a discriminación por razón de sexo e a favorecer a igualdade de oportunidades.</p>

4.2. FENDAS DE XÉNERO


4.2.1. Representación en órganos de decisión



XUNTA DELEGADAS/OS




4.2.2. Persoal non docente




4.2.3. Itinerarios académicos

ALUMNADO ESO E BACHARELATO:


ALUMNADO ESO



BACHARELATO CIENCIAS




BACH HUMANIDADES




FAMILIAS PROFESIONAIS

ADMINISTRACIÓN




■ MULLERES ■ HOMES

SANIDADE




■ MULLERES ■ HOMES

ELECTRICIDADE




■ MULLERES ■ HOMES


4.2.4. Uso de espacios escolares




4.2.5. Participación en actividades complementarias



4.2.6. Necesidades de apoio educativo




4.2.7. Condutas contrarias á convivencia



4.3. RESULTADOS CUESTIONARIOS Á COMUNIDADE EDUCATIVA


A continuación presentamos os resultados da enquisa realizada no curso 2020-2021 ao alumnado e profesorado da nosa comunidade educativa.

4.3.1. Participación na enquisa sobre igualdade




4.3.2. Contexto, coñecemento e sensibilización en torno á igualdade e diversidade afectivo-sexual


CONTEXTO DAS PERSOAS PARTICIPANTES:



IDENTIDADE AFECTIVO-SEXUAL: CONXUNTO LGTBI+




CONSIDÉRANSE FEMINISTA?



COÑECEMENTO EN TORNO Á IGUALDADE:

Que é o feminismo?


288 respostas



- 1. É un conxunto de movementos políticos, sociais, ideolóxicos e filosóficos que teñen como obxectivo común conseguir dereitos ecuánimes...
- 2. É o desprezo ou o sesgo de xénero aos varóns en accións ou opinión, a súa finalidade é a superioridade da muller.
- 3. É unha ideoloxía ou forma de pensar que engloba o conxunto de actitudes, ou prácticas sociais que discriminan a unha muller afirmando que o home é superior.

Que é a violencia de xénero ou violencia machista?

288 respostas



- 1. É un tipo de violencia física o psicolóxica exercida contra unha muller o grupo de mulleres por parte da súa parella ou expaarella polo feito de ser muller impactando de maneira negativa no seu benestar social, físico, psicolóxico o económico.
- 2. É calquera tipo de abuso de poder por parte dun membro do familia sobre outro, incluíndo maltrato físico ou psicolóxico.


Que é unha relación tóxica?

- É unha relación destrutiva, que non é saudable e que a unha das dúas partes ou ambas estalle xerando certo dano ou malestar.
- É calquera tipo de relación (amistosa, amorosa, familiar...) na que u ou ambos membros se danan física ou psicolóxicamente. Pode ser mediante a culpa, a dependencia, a chantaxe...
- É unha relación onde as cousas non van ben.
- É unha relación na que non te dintes cómodo/a debido a tratos que poden chegar a danarte física ou psicolóxicamente e da cal é moi complicado saír debido a que moitas veces non eres consciente do tóxico da relación.
- É cando pasa de ser amor a ciumes ou posesividade.
- Unha relación onde os membros non se respectan.
- ...

COÑECEMENTO EN TORNO Á DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL:

Que é o colectivo LGTBI+?


288 respostas



- 1. Son as siglas compostas polas iniciais de Lesbiana, Gay, Transexual/transxénero, e Intersexual. Ao final sólese añadir un + para incluír a todos os colectivos que non están incluídos nas iniciais.
- 2. É un colectivo coa finalidade de atacar a persoas con orientación e diversidade sexual.

Que é a transexualidade?


288 respostas



- 1. É un termo que se refire a unha persoa que se someteu a un tratamento hormonal e quirúrxico para adquirir a aparencia física das persoas do sexo oposto.
- 2. Este termo fai referencia a aquelas persoas que a súa identidade de xénero non coincide co sexo asignado.
- 3. É a atracción romántica ou sexual hacia persoas de calquera sexo ou identidade de xénero.

Que significa transxénero?


288 respostas



- 1. Fai referencia a aquelas persoas a que a súa identidade de xénero non coincide co sexo asignado.
- 2. É un termo que se refire a unha persoa que se someteu a un tratamento hormonal e quirúrxico para adquirir a aparencia física das persoas do sexo oposto.

Que é a homosexualidade?


288 respostas



- 1. É a atracción romántica ou sexual entre persoas do mesmo sexo ou xénero.
- 2. É a falta de atracción sexual cara outros, ou baixo ou nulo interese de actividade sexual.

Que é a bisexualidade?

288 respostas




- 1. É a atracción romántica ou sexual cara persoas de calquera sexo ou identidade de xénero.
- 2. É a atracción romántica ou sexual entre persoas do mesmo sexo ou xénero.

SENSIBILIZACIÓN:

Crees que existe a violencia machista?


288 respostas



- Sí
- Non

Utilizas a palabra feminazi?


288 respostas



4.3.3. Igualdade de Xénero


Crees que a muller sofre discriminación en Europa?

288 respostas




Ten a muller mesmo papel na túa casa que o home?

288 respostas



Na túa clase oíches algún comentario machista?


288 respostas



4.3.4. Violencia de Xénero


Sufriches algún tipo de agresión machista?

288 respostas




Viches algún tipo de agresión machista?

288 respostas



Sínteste segura/o na túa casa?


288 respostas



● Si
● Non

Algunha vez tiveches unha relación tóxica?


288 respostas



● Si
● Non

O teu mozo/a/ex controla ou controlábache a túa roupa, os teus amigos, o teléfono...?

288 respostas




● Si
● Non

4.3.5. LGTB Fobia


Considérate LGTBfóbico?

288 respostas




Respectas a orientación sexual ou a identidade de xénero dos teus compañeiros/as?

288 respostas




Algunha vez custouche dicir a túa orientación sexual debido ao que digan os teus compañeiros/as?

288 respostas




Algunha vez tiveches que ocultar moratóns por culpa dunha agresión tanto LGTBfóbica como machista?

288 respostas




Sufriches algunha outra agresión?

288 respostas




Sufriches acoso pola túa orientación sexual ou pola túa identidade de xénero?

288 respostas




Sufriches algún outro tipo de acoso?

288 respostas




Utilizas o termo maricón/maricona sen pertencer ao conxunto?

288 respostas




Sufres algún tipo de exclusión pola túa orientación sexual, ou a túa identidade de xénero?

288 respostas



Sufres exclusión dos teus compañeiros/as?

288 respostas



4.4. QUÉ LEVAMOS FEITO ATA O MOMENTO.

As cuestións organizativas que xa están a funcionar no centro con relación á promoción da igualdade son as seguintes:

- Creación do Equipo de Igualdade no curso 2019-20 con representación de alumnado de todos os niveis, profesorado, departamento de orientación e equipo directivo. Conta cunha reunión semanal para a elaboración e o desenvolvemento do Plan de igualdade do centro.

- Representación dunha alumna responsable en materia de igualdade dentro do Consello Escolar.
- Obxectivos coeducativos establecidos a través dos Proxecto Xeral Anual, do Proxecto de Dirección e do Proxecto de Centro.
- Difusión de actividades e obxectivos coeducativos mediante o mantemento e actualización da páxina web do centro, promocionando e facendo eco de datas sinaladas e proxectos que tratan este tema con especial sensibilidade.
- Realización de actividades dirixidas ao alumnado do centro con motivo de datas sinaladas coma o 25 de novembro ou 8 de marzo, día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia e día da Muller respectivamente.
- Estase a traballar na actualización dos documentos oficiais do centro (NOF, Plan de Convivencia e PXA) para que en todo o seu contido se use a linguaxe inclusiva.
- Oferta no centro da materia de libre configuración Coeducación do S. XXI para o alumnado de 1º bacharelato, así coma na sección bilingüe (inglés). Estas tratan de dar resposta a unha necesidade da educación na igualdade.
- Asemade o profesorado está a participar en diversos plans de formación permanente onde se traballa de maneira directa a perspectiva de xénero.
- Sesións de sensibilización e promoción da diversidade afectivo-sexual a cargo de alumnado voluntario e sensibilizado.

5. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS A ACADAR

1. Promocionar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres

2. Previr e detectar casos de violencia de xénero

3. Intervir en casos de violencia de xénero

4. Promocionar o respecto pola diversidade afectivo-sexual

5. Previr e detectar casos de LGTB fobia

6. Intervir en casos de LGTB fobia

7. Difundir as actividades e os obxectivos coeducativos do centro

8. Garantir a linguaxe inclusiva nos documentos oficiais do centro

9. Intensificar a formación do profesorado do centro en relación á igualdade, coeducación, os estereotipos, a diversidade afectivo-sexual e a violencia de xénero

10. Colaborar cos axentes sociais como apoio e complemento á educación na igualdade e diversidade

6. MEDIDAS DE ACTUACIÓN

6.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

Nº	1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Responsables	OBXECTIVOS COEDUCATIVOS
1	Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo	ED / CP	1
2	Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de Igualdade	CE	7 / 10
3	Difundir o Plan de Igualdade entre os distintos axentes da nosa comunidade educativa	ED/DO/EI/CE	10
4	Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade	EI/ED/DO/CP	9
5	Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade e documentos do centro	EI/ED/CP	8
6	Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas	EI/DO/ED/CP	10
7	Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar	EI/ED/DO	1 / 4
8	Concretar o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos itinerarios na ESO, ás modalidades no bacharelato e aos ciclos de formación profesional.	ED/CCP/DO	1 / 9
9	Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero	ED/CCP	1 / 9
10	Ofertar materias específicas de igualdade de xénero	ED/CCP	9

*EI: Equipo Igualdade / ED: Equipo Directivo/DO: Departamento Orientación/CE: Consello Escolar/CP: Claustro Profesorado/ CCP: Comisión Coordin. Pedag.

6.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E SABERES

Nº	2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E SABERES	Responsables	OBXECTIVOS COEDUCATIVOS
1	Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade	ED / CCP	1 / 9
2	Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección de contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividade)	CCP	1 / 4 / 8
3	Realizar actividades de sensibilización na aula	CP/TT/DO/EI	1 / 2 / 4 / 5 / 7
4	Realizar actividades de información e sensibilización coas familias	EI/ED/DO/CP	1 / 2 / 4 / 5 / 7

***EI: Equipo Igualdade / ED: Equipo Directivo/DO: Departamento Orientación/CE: Consello Escolar/CP: Claustro Profesorado/ CCP: Comisión Coordin. Pedag.**

6.3. XESTIÓN DE ESPAZOS, RECURSOS E OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO

Nº	3. XESTIÓN DE ESPAZOS, RECURSOS E OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO	Responsable	OBXECTIVOS COEDUCATIVOS.
1	Difundir información a través dun taboleiro no centro	EI/DO	7
2	Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar	CCP	1 / 4 /10
3	Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro	DO/EI/CCP	1 /4 / 7
4	Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas	CCP	1 / 4/ 10
5	Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real	EI/CP/TT	1 / 2 / 4 / 5 / 10
6	Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión. Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos	EI/DO/ED/CP	1 / 2 / 4/ 5
7	Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual e identidade de xénero do alumnado na realización da fase de prácticas na empresa como parte da prevención de riscos laborais	CCP/DO	1 / 2 / 4 / 5 / 10
8	Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado...	ED/CP/DO/TT/EI	1

***EI: Equipo Igualdade / ED: Equipo Directivo/DO: Departamento Orientación/CE: Consello Escolar/CP: Claustro Profesorado/ CCP: Comisión Coordin. Pedag.**

6.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR

Nº	INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR	Responsables	OBXECTIVOS COEDUCATIVOS
1	Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes	EI/EC	1 / 2 / 3
2	Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente...	EC/CP/CCP	1 / 2 / 4 / 5 / 10
3	Promover o respecto cara a diversidade sexual e de xénero	DO/EI/EC/CP	4 / 5 / 6
4	Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas	CCP	1 / 4 / 7 / 10
5	Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas	TT	1
6	Promover actividades de intervención social na comunidade educativa	EI/DO/EC	10

***EI: Equipo Igualdade / ED: Equipo Directivo/DO: Departamento Orientación/CE: Consello Escolar/CP: Claustro Profesorado/ CCP: Comisión Coordin. Pedag.**

6.5. PLANIFICACIÓN, SECUENCIACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PLAN

Nº	Obxectivo	Responsables	Actividades	Tempo
1	Promocionar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	EI/ED/DO/TT	Mes da muller (8 marzo) / Actividades dende Titorías e Equipo de igualdade / Solicitar Plan Proxecta “Por 365 de respecto e igualdade”	Marzo/ Todo o curso
2	Previr e Detectar os casos de violencia de xénero	EI/ED/DO/TT	Mes contra violencia de xénero (25 novembro)/ Seguir Protocolo de Consenso para a sensibilización en Igualdade de Xénero e prevención da violencia de xénero en educación en Galicia.	Novembro/ Todo o curso
3	Intervir en casos de violencia de xénero	ED/DO	Seguir Protocolo de Consenso para a sensibilización en Igualdade de Xénero e prevención da violencia de xénero en educación en Galicia.	Todo o curso
4	Promocionar o respecto pola diversidade afectivo-sexual	EI/ED/DO/TT	Mes da Diversidade (28 xuño) / Actividades dende Titorías e Equipo de igualdade / Inclusión na Rede Galega LGTBI+ / Plan Proxecta “Quérote +”	Xuño/ Todo o curso
5	Previr e detectar casos de LGTB fobia	EI/ED/DO/TT	Seguir Protocolo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero	Todo o curso
6	Intervir en casos de LGTB fobia	ED/DO	Seguir Protocolo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero	Todo o curso
7	Difundir as actividades e obxectivos	EI/ED	Pestana de igualdade na web do centro coas iniciativas do Equipo de	Todo o curso

Nº	Obxectivo	Responsables	Actividades	Tempo
	coeducativos do centro		Igualdade e proxectos coeducativos.	
8	Garantir a linguaxe inclusiva nos documentos oficiais do centro	ED/CCP	Concreción de criterios comúns inclusivos na redacción de documentos	Todo o curso
9	Intensificar a formación do profesorado	ED/CCP	Plan de Formación Permanente do Profesorado	Todo o curso
10	Colaborar cos axentes sociais como apoio á educación na igualdade e diversidade	EI/ED/DO	“En Negro contra a Violencia”, colaboración Concello de Noia	25 novembro

***EI: Equipo Igualdade / ED: Equipo Directivo/DO: Departamento Orientación/TT: Titoras e Titores/CCP: Comisión de Coordinación Pedagóxica**

7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Non só se trata de revisar a consecución dos obxectivos marcados, senón tamén de valorar en que medida a aplicación das novas propostas melloran a sensibilización coma a promoción da igualdade de oportunidade como a aprendizaxe do alumnado, profesorado e toda a comunidade educativa en xeral en canto á igualdade. Para cuantificalo, marcamos para cada actividade uns instrumentos de avaliación e propoñemos sinalar o grao de consecución dun modo sinxelo: **1.- iniciado; 2.- en proceso; 3.- rematado**. Nas observacións pode reflectirse a data na que se realiza a avaliación así como as propostas de mellora, de continuidade ou de cambio, se os houberse.

Nº	Obxectivo	Actividades	Instrumentos Avaliación	Grao Consecu.	Observacións
1	Promocionar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	Mes da muller (8 marzo) / Actividades dende Titorías e Equipo de igualdade	Memoria anual Acta de iniciativas		
2	Previr e Detectar os casos de violencia de xénero	Mes contra violencia de xénero (25 novembro) / Seguir Protocolo Oficial	Memoria anual Estatísticas protocolos		
3	Intervir en casos de violencia de xénero	Seguir Protocolo Oficial	Memoria anual Estatísticas protocolos		
4	Promocionar o respecto pola diversidade afectivo-sexual	Mes da Diversidade (28 xuño) / Actividades dende Titorías e Equipo de igualdade	Memoria anual Acta de iniciativas		
5	Previr e detectar casos de LGTB fobia	Seguir Protocolo Oficial	Memoria anual Estatísticas protocolos		

Nº	Obxectivo	Actividades	Instrumentos Avaliación	Grao Consecu.	Observacións
6	Intervir en casos de LGTB fobia	Seguir Protocolo Oficial	Memoria anual Estatísticas protocolos		
7	Difundir as actividades e obxectivos coeducativos do centro	Pestana de igualdade na web do centro coas iniciativas do Equipo de Igualdade e proxectos coeducativos.	Rexistro web		
8	Garantir a linguaxe inclusiva nos documentos oficiais do centro	Concreción de criterios comúns inclusivos na redacción de documentos	Revisión anual de documentos		
9	Intensificar a formación do profesorado	Plan de Formación Permanente do Profesorado	Estatísticas PFPP		
10	Colaborar cos axentes sociais como apoio á educación na igualdade e diversidade	“En Negro contra a Violencia”, colaboración Concello de Noia	Acordo colaboración Memoria anual Acta de iniciativas		

MARZO O MES DA MULLER NO IES CAMPO DE SAN ALBERTO

OLÍMPICAS

XUNTAS GAÑAMOS TODAS



No corpo o esforzo, no corazón a ilusión e a mirada posta na meta

IGUALDADE




EQUIPO DE IGUALDADE

OLÍMPICAS

XUNTAS GAÑAMOS TODAS



RESPECTO,
AMIZADE,
EXCELENCIA



PRACTICO DEPORTE
TOMO CONTROL
SON LIBRE



MEDRANDO XUNTAS



MARZO CON M DE MULLER



EQUIPO DE
IGUALDADE